

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

CEIP. A XUNQUEIRA Nº 2

Aprobado polo Consello Escolar na reunión do 15 de outubro de 2013

O Director:

A Secretaria:

Asdo: Jesús Bugallo Varela

M^a Ángeles Lusquiños Malvesada

ÍNDICE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO
2. UBICACIÓN DO CENTRO
3. ELEMENTOS MATERIAIS
 - 3.1. ESTRUCTURACIÓN DO COLEXIO
 - 3.2. PLAN DE EMERXENCIAS
 - 3.2.1. PLAN DE EVACUACIÓN
 - 3.2.2. MEDIDAS CONTRA INCENDIOS
 - 3.2.3. SISTEMA DE LUCES DE EMERXENCIA
 - 3.2.4. ALARMAS CONTRA ROUBO
4. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
 - 4.1. ADSCRIPCIÓN DO PROFESORADO
 - 4.2. AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO
5. OBXECTIVOS
 - 5.1 COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL
 - 5.2 COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
 - 5.3 COMPETENCIA MATEMÁTICA
 - 5.4 TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL
 - 5.5 COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACIÓ CO MUNDO FÍSICO
 - 5.6 COMPETENCIA SOCIAL E CIDADANA
 - 5.7 COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
6. METODOLOXÍA
 - 6.1. TÉCNICAS DE ESTUDIO
 - 6.2. MOTIVACIÓN

- 6.3. METODOLOXÍA DOS CONTIDOS TRANSVERSALES
- 7. AVALIACIÓN
 - 7.1 PRINCIPIOS DA AVALIACIÓN EDUCATIVA
 - 7.2 AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE
- 8. TRANSPORTE ESCOLAR
- 9. PROGRAMA DE COMEDOR ESCOLAR E PLAN MADRUGA
- 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 11. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
- 12. IES O QUE ESTÁ ADSCRITO O CENTRO.
- 13. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

CEIP A XUNQUEIRA Nº 2

R/ ALEXANDRE BÓVEDA S/N

36005 PONTEVEDRA

TFNO E FAS: 986872874

EMAIL: cep.xunqueira2@edu.xunta.es

CÓDIGO DE CENTRO: 36015172

2. UBICACIÓN DO CENTRO

O CEIP A Xunqueira 2 atópase nas aforas da cidade do Concello de Pontevedra, nunha área chamada “A Xunqueira”, de onde toma o seu nome, na marxen dereita do río Lérez. O centro, sitúase na rúa Alexandre Bóveda S/N. A saída e entrada ao centro realizase pola rúa mencionada anteriormente.

Na actualidade o centro conta con catro unidades de Educación Infantil e once unidades de Educación Primaria.

Situado en zona escolar, non se trata dun centro identificado cun barrio definido, nin asociado a un contexto social determinado. Ó estar o colexio tan ben situado, a 10 minutos do centro da cidade, ten moitas posibilidades de asistir a moitas actividades organizadas tanto polo centro como polas propias institucións do Concello.

O alumnado deste centro procede de moi diferentes zonas, tanto do centro da cidade como dos arredores ou do medio rural.

Nos últimos anos creceu a presenza de alumnos extranxeiros no centro, situación producida de forma paulatina e con naturalidade tanto por parte dos alumnos como das súas familias.

Dende o punto de vista económico a maior parte da poboación activa dedícase a labores relacionadas co sector terciario, traballando tanto os pais como as nais. O nivel de vida pódese situar nun termo medio, de clase media, con bastante preocupación polos estudos dos seus fillos/as. Contan en xeral con condicións axeitadas para o estudo na casa e apoiados polos seus pais.

Os nenos e nenas que veñen ó colexio proceden a maior parte do entorno urbano, traballando a maioría das familias no sector servicios, seguido do sector industrial.

Pódese afirmar que na maioría das familias a lingua habitual é o castelán e nunha porcentaxe baixa galego e castelán. A lingua vincular usada no centro polos alumnos/as é o castelán, utilizándose o galego nas materias de lingua galega, coñecemento do medio e educación física. A nivel do profesorado emprégase o galego nas notas oficiais e internas do colexio, así como nas reunións.

3. ELEMENTOS MATERIAIS

3.1 ESTRUCTURACIÓN DO COLEXIO

As aulas e as distintas dependencias do Colexio están distribuídas en catro andares:

A planta soto, situada ó nivel dos patios de recreo, na que se atopan:

- Zona Norte: O pavillón cuberto, que conta con todo o necesario para a realización de actividades relacionadas coa educación física.
- Zona Centro: Patio cuberto

- Zona Oeste: Sala de caldeiras de calefacción, con porta de acceso ás escaleiras da zona oeste. Comedor escolar, que conta con todos os servizos necesarios.

- No patio distínguense varias zonas perfectamente definidas:

Na parte norte do colexio atópanse un patio amplo, no que hai un campo de fútbol. Na zona sur do colexio atópase a zona de recreo para os nenos de Educación Infantil, que está totalmente cercada e no seu interior hai distintos tipos de xogos para os nenos. Debaixo da rampa de acceso ó Colexio hai un pequeno local, que serve como almacén de material.

A planta baixa, na que se atopan:

- Zona Leste: Cinco aulas de Educación Infantil e biblioteca. Servizos de nenos e nenas de Educación Infantil, comunicados co corredor da zona Leste.
- Zona central: Un amplo hall de entrada ó colexio. Un local de usos múltiples. Un pequeno local destinado a almacén. Unha sala de fotocopiadoras e material de oficina, anexa ó local de usos múltiples. Baños de nenos e nenas que se comunican cunha escalera exterior.
- Zona Oeste: As oficinas: Despacho de dirección, secretaría, sala de profesores, xefatura de estudos e departamento de orientación. A casa do conserxe, con porta de acceso á zona de oficinas e saída directa o patio do colexio por unhas escaleiras particulares.
- Esta planta baixa ten tres saídas, dúas delas ós patios, a través de dúas escaleiras cara á planta soto e a terceira directamente dende o hall á rúa, a través da entrada principal do colexio

O primeiro andar, no que se atopan:

- Zona Leste: Catro aulas do Primeiro Ciclo, unha aula de E. Infantil e aula de psicomotricidade.
- Zona Central: Aula de Segundo Ciclo e aula de atención Educativa. Servizos de nenos e nenas e de profesores e de profesoras.

- Zona Oeste: Dúas aulas de Segundo ciclo, aula do departamento de orientación, aula de Audición e Linguaxe.

O segundo andar, no que se atopan:

- Zona Leste: Catro aulas do Terceiro Ciclo e sá de audiovisuais.
- Zona Central: Aula de informática, servicios de nenos e nenas e de profesores e profesoras, aula de plásticas e aula de música.
- Zona Oeste: Dúas aulas de inglés, aula de relixión, aula de educación especial e pequena sá de reunións da AMPA.

O primeiro e segundo andar teñen acceso ós patios do colexio por dúas escaleiras de dous metros de anchura e á rúa, unha vez situados na planta baixa, a través da entrada principal do colexio. O centro, polo tanto, dispón de tras amplas saídas, dúas delas ós patios do colexio e outra, a entrada principal, directamente á rúa. Estas saídas abren cara o exterior, o que facilita unha saída rápida en caso de necesidade de levar a cabo unha evacuación.

3.2 PLAN DE EMERXENCIAS

O centro conta con un plan de evacuación, medidas contra incendio, sistema de luces de emerxencia e alarma en caso de roubo.

3.2.1. PLAN DE EVACUACIÓN

As aulas e diferentes dependencias sinaladas no apartado anterior están distribuídas en tres zonas diferentes: zona leste, zona central e zona oeste. En cada unha de estas dependencias está exposto claramente visible un esquema do percorrido que os alumnos e profesores terían que facer en caso de que se producise alguna emerxencia.

En tal caso prodederíase da seguinte forma:

1. Ó producirse a situación de emerxencia, soaría a alarma.

2. Os alumnos, profesores e demais persoas que se atoparan no colexio, sairían de acordo cos seguintes recorridos, sinalados nos esquemas que se atopan en cada unha das clases
3. Todos os alumnos que se atopan na planta baixa, zona leste, zona central e zona oeste sairían pola parte principal, directamente a rúa, acompañados polos profesores que lles estén impartindo docencia nese momento. Do mesmo xeito, as persoas que se atopan na zona oeste, zona de oficinas, sala de profesores e departamento de orientación sairían pola porta principal, directamente a rúa. Unha vez no exterior do colexio irían ó patio do colexio polo acceso exterior do mesmo.
4. Os alumnos e profesores da primeira planta, zona leste, baixarían pola escaleira leste hasta a planta baixa e sairían pola porta principal, directamente a rúa, procedendo a continuación do mesmo xeito que os da planta baixa.
5. Os alumnos e profesores da primeira planta, zona central e zona oeste, sairían o patio pola escaleira oeste.
6. Os alumnos e profesores da segunda planta, zona leste baixarían directamente o patio pola escaleira leste.
7. Os alumnos e profesores da segunda planta, zona central e oeste, baixarían directamente o patio pola escaleira oeste.
8. Os/as profesores/as que se atopan de garda ou sen impartir clase, no momento de producirse a emerxencia recorrerán os diferentes locais, aulas e servicios, por si houbera algún alumno/a rezagado/a.

Unha vez realizada a evacuación, os alumnos/as, cos seus respectivos profesores-titores, situaranse no campo de fútbol por grupos. Cada profesor/a titor/a comprobarán que estén todos os alumnos/as da súa clase e informarán o director ou á persoa responsable da súa evacuación.

Na realización da evacuación os/as alumnos/as deberán baixar ó patio pegados ás paredes, procurando protexer a súa boca cun pano ou alguna outra cousa contra o fume ou polvo.

3.2.2. MEDIDAS CONTRA INCENDIOS

Tal e como se indica no informe da empresa A5T, instaladora autorizada, cóntase no colexio con 10 extintores, distribuídos da seguinte forma:

- Planta baixa: 4 extintores, dous deles no hall, un no pasillo da zona leste e outro na zona oeste.
- Planta primeira: 3 extintores, un deles na aula de música, outro no pasillo da zona leste e outro no pasillo da zona oeste.
- Planta segunda: 3 extintores, un deles na aula de informática, outro no pasillo da zona leste e outro no pasillo da zona oeste.

O colexio conta con un sistema de aviso de alarma en caso de emerxencia.

3.3.3. SISTEMA DE LUCES DE EMERXENCIA

Consta dos seguintes elementos:

- Unha luz en cada un dos descansos das escaleiras.
- Unha luz en cada un dos corredores, tanto da zona leste como da zona oeste.
- Unha luz no salón de usos múltiples.
- Unha luz no corredor de acceso ás oficinas

3.3.4. ALARMA CONTRA ROUBO

O colexio conta cunha alarma contra roubo que está conectada coa policía municipal.

4. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

4.1 ADSCRIPCIÓN DO PROFESORADO

Faise na primeira reunión de Claustro, ó comezo de curso, de acordo co establecido na lexislación vixente (Orde do 15 de xullo de 1991, D.O.G. do 26 de agosto de 1991 e corrección de erros do 11 de setembro de 1991). De tódolos xeitos, terase en conta a maior operatividade posible. Propugnarase, en todo caso, a permanencia dun/ha mestre/a co mesmo grupo de alumnos ó longo dun ciclo completo. Sen prexuízo do establecido no apartado 3.4.1 da mencionada Orde, os Directores dos Centros, en casos excepcionais, e por razóns de tipo didáctico ou organizativo aceptadas polo Claustro e a Inspección, poderán alterar os criterios sinalados para a adscripción funcional, oído/s o/s profesor/es afectado/s.

No caso de que un/ha profesor/a sexa adscrito/a ó ciclo seguinte ao que estivo adscrito/a no curso inmediatamente anterior, procurarase que asuma a titoría dun grupo de alumnos diferente ao do ciclo anterior.

4.2 AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

A distribución en grupos dos alumnos dun mesmo nivel faise de acordo con criterios flexibles e en ningún caso discriminatorios, non establecendo grupos segundo coñecementos, rendemento, nivel intelectual, etc. A ser posible, esta distribución farase por orde alfabética, de non haber razóns pedagóxicas que aconsellen outras distribucións en casos concretos. A distribución farase no primeiro ano de incorporación dos alumnos ó Centro e manteráse, na medida do posible, ao longo da súa escolaridade.

Os/as alumnos/as que se incorporen ó Centro noutros cursos diferentes o Primeiro Curso do Primeiro Ciclo de Educación Primaria serán adscritos ós diferentes grupos buscando a súa mellor integración nos mesmos e unha maior uniformidade dos distintos grupos dun mesmo nivel. Corresponde ó Equipo Directivo facer a devandita distribución, contando coa opinión dos mestres tutores, se fose necesario.

Cando, por razóns pedagóxicas ou de convivencia, sexa necesario cambiar algún/ha alumno/a dun grupo a outro do mesmo nivel, farase sempre contando coa opinión favorable dos/as mestres/as tutores/as dos grupos implicados no cambio, previa información ós pais.

5. OBXECTIVOS

Nas últimas décadas, a nosa sociedade leva sufrindo importantes cambios que demandan tamén respostas diferentes na formación dos futuros cidadáns. Dentro do marco europeo se conseguiu un esperanzador consenso sobre as finalidades dos sistemas educativos: o noso alumnado debe acadar ao terminar a súa escolaridade obligatoria unha serie de competencias fundamentais para desenvolverse nunha sociedade cambiante e para construír un futuro participativo e democrático: **AS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Certamente así nos gustaría definirnos, como *unha escola democrática, xusta*. E dicir, un centro que se compromete, aproveitando o límite das súas posibilidades, a evitar que as diferencias individuais, grupais ou sociais do alumnado se convirtan en dificultades para acceder á cultura que debe ofrecer o currículo común obrigatorio.

Non perseguimos un cambio meramente burocrático e que quede reflexado somentes nun papel, senón que se trata de dotar o que estamos facendo dun sentido diferente. O noso reto consistirá en organizar progresivamente o currículo de maneira que amose a interrelación entre o contido das distintas áreas e materias; trasmitindo, ao mesmo tempo ao alumnado a relación entre os contidos dunha materia ou varias e a vida, co fin de amosar a utilidade das aprendizaxes. A Ley Orgánica de Educación inclúe no currículo de primaria as seguintes competencias, que serán referentes para a avaliación:

5.1COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER E DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL

O feito de que estas competencias se presenten en primeiro lugar, non se debe ao azar, senón que as consideramos habilidades indispensables, que deben iniciarse coa Ensinanza Primaria Obligatoria, por ser o período máis axeitado para a adquisición de hábitos, e as limitacións na adquisición destas competencias condicionarán e poden mermar as posibilidades de aprendizaxe non soamente no momento actual, senón de aprendizaxes posteriores.

Creemos que son dúas competencias que están intimamente relacionadas, tanto en canto ***aprender a aprender*** supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuo de ***maneira autónoma***.

Santos, M.A. 1991, acertadamente afirma que “Un alumno que enchese a súa cabeza de coñecementos pero que odiase a sabiduría, un individuo cun gran almacén de datos na cabeza pero que fose incapaz de comunicarse, de sentir... non estaría auténticamente formado!.

Por ese motivo, e co obxectivo de educar ao noso alumnado dende unha perspectiva global e integradora, que teña en consideración non só o ámbito puramente académico senón tamén sociafectivo, seguiremos poñendo o énfase , no entrenamiento en **habilidades de estudio**, de forma máis sistemática no segundo e terceiro ciclo. Este programa non se ceñirá única e exclusivamente a unha área ou mestre titor, senón que afectará a tódalas áreas e materias e mestres que imparten clase ao mesmo grupo de alumn@s.

Os programas elaborados para ensinar a pensar tratan de desenvolver catro aspectos fundamentais do pensamento:

- A solución dos problemas que se presentan
- A creatividade
- O razoamento
- As diversas técnicas de aprendizaxe

Asimesmo, se tenderá progresivamente a incidir en temas relacionados coa autoestima, o autoconcepto, as habilidades na comunicación, a autonomía na aprendizaxe...que non poden ser tarefa encomendada somentes a un momento puntual, por parte d@ titor/a ou orientadora, e olvidadas o resto do horario polas presas da acción cotiá. Para que esta labor teña un carácter preventivo e non só remedial poñeranse en práctica un **programa de entrenamiento en habilidades sociais**.

5.2 COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

A competencia lingüística é a competencia por excelencia, xa que é o instrumento de construción e comunicación do coñecemento, axuda a representar a

realidade, a organizar o propio pensamento e a aprender. A deficiencia na adquisición desta competencia, ten consecuencias na aprendizaxe, na conformación dos coñecementos do resto das áreas e o que é máis importante, no desenvolvemento do pensamento mesmo.

Os estudantes terán que aprender a verbalizar os conceptos, a explicitar unha idea, a redactar un escrito ou a expoñer un argumento, e obviamente, estas habilidades non se relegan soamente ás áreas de lingua galega e castelá, senón que é unha ***contextos competencia a acadar dende as diferentes áreas, e en situacións e de comunicación diversos, na medida en que os procedimentos se aprenden cando se usan e cando se reflexiona sobre eles.***

Asimesmo, esta competencia contribúe á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións constructivas cos demais e co entorno. ***O desenvolvemento da competencia lingüística é clave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.***

Toda a comunidade escolar do noso Colexio reconece a importancia da función da escola na ***normalización lingüística do Galego***, lingua propia de Galicia. Neste senso procuramos que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental e de comunicación entre todos. Pretendemos que, ó final do seu proceso educativo, os/as alumnos/as coñezan o Galego e o Castelán, en igualdade de condicións, como medios de comunicación nos seus niveis oral e escrito. Toda a documentación do Colexio, así como as diferentes comunicacións a pais/nais, alumnos, profesores e outras persoas relacionadas co Centro faranse sempre en Galego.

Impartiranse, en todo caso, en Galego aquelas materias nas que se establece legalmente a súa ensinanza neste idioma que quedan reflectidas no proxecto lingüístico do curso 2011-2012 que se adxunta como anexo.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega velará polo uso e promoción da lingua Galega tanto no ámbito estritamente escolar como no de comunicación entre os diferentes sectores da nosa comunidade escolar.

5.3 COMPETENCIA MATEMÁTICA

A competencia matemática descríbese como a habilidade para utilizar números e ás súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral futuro.

O punto máis importante a sinalar é sen dúbida o feito de que esta competencia *adquire sentido na medida en que os elementos ou razoamentos matemáticos se empregan para enfrentarse a situacións cotiás*. Requerirá pola tanto, por parte dos mestres, a identificación de tales situacións, e a posta en práctica duha metodoloxía activa que fomenten por parte do alumnado a selección das técnicas axeitadas para calcular, representar e interpretar a partir da información dispoñible e a aplicación de estratexias de resolución de problemas.

5.4 TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

Esta competencia está asociada coa obtención crítica da información, e tratamento da mesma, empregando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela según a fonte á que se acuda e o soporte que se empregue (tradicional, informático, multimedia, ciberespacio) e require o dominio básico de linguaxes específicas: texto, hipertexto, icónico, visual, sonoro, numérico, gráfico e as pautas de decodificación e transferencia dos mesmos.

Transformar información en coñecemento *implica analizar, sintetizar, relacionar, facer interferencias e deducións*, en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, asimesmo, *ser capaz de comunicar a información* e os coñecementos adquiridos, *empregando* recursos expresivos que incorporen non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén *as posibilidades que ofrecen as tecnoloxía da información e a comunicación (TIC)*.

O enfoque a levar a cabo na escola, para conseguir os obxectivos arriba mencionados, estará baseado no uso das tecnoloxías da información, coa finalidade de levar a cabo diferentes proxectos nas diversas áreas do currículo, que impliquen o uso de variedade de estratexias (análisis, síntesis, deducións..) en contextos moi distintos,

coa finalidade de resolver cuestións relacionadas coa vida cotiá. Ensinaremos ao noso alumnado a ser independentes, responsables, eficaces e reflexivos á hora de seleccionara, elaborar e usar as fontes de información e as ferramentas das TICs como apoio do seu traballo.

Esta competencia está intimamente relacionada co proxecto de *dinamización de TICS*, así coma o proxecto de *biblioteca escolar*. O alumnado aprenderá a acceder ao sistema informático do colexio, para atopar material necesario, así coma os códigos establecidos na CDU. Estas serán habilidades necesarias para que o alumno poida ser autónomo e traslade os coñecementos aprendidos no colexio á vida real, en calquera biblioteca pública.

5.5 COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Descríbese como a habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións da vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos.

Esta competencia refírese a ámbitos do coñecemento moi diversos (ciencia, saúde, actividade física, consumo, procesos tecnolóxicos..), polo tanto unha vez máis podemos percibir a necesidade dun traballo interdisciplinar dende tódalas áreas do currículo.

Os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico, e a influencia decisiva que teñen sobre o medio ambiente, a saúde e a calidade de vida dos cidadáns, fan que cada vez sexa máis importante o desenvolvemento científico-técnico, para interpretar a información que se recibe e para predecir e tomar decisións sobre eles de maneira autónoma e, en xeral, para comprender e resolver problemas no mundo actual.

5.6 COMPETENCIA SOCIAL E CIDADANA

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que vive e exercer a cidadanía democrática. Asimesmo, contribúe de maneira moi significativa á cohesión social ao resaltar a aportación que as diferentes culturas

fixeron á evolución e progreso da humanidade, á vez que colabora na creación dun sentimento común de pertencenza á realidade social na que vive.

A escola é un lugar onde educamos dende a convivencia. A convivencia leva consigo **comunicarse, cooperar, ser solidario, respectar as regras**. Isto, ademais de ser obxecto da ensinanza ha de constituír o eixo central e o entabado da vida na escola.

Durante o curso 2011-2012, o equipo de dinamización de convivencia escolar elaborará un novo proxecto, tendo en conta a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, mentras tanto se terá en conta o plan elaborado anteriormente.

Mención especial merece a *educación no respecto ó medio ambiente*, contribuíndo deste xeito a formar futuros cidadáns responsables e respectuosos co seu entorno. Farase especial fincapé nas consecuencias negativas que para a calidade de vida pode supoñer o deterioro urbanístico, a degradación progresiva da paisaxe, a contaminación ambiental e outras formas de contaminación. Isto lévanos a plantexar unha serie de items co obxecto de lograr esa progresiva sensibilización dos alumnos:

- ◆ Sensibilización na problemática medioambiental xeral
- ◆ Progresivo achegamento aos problemas medioambientais do entorno máis próximo

- ◆ Información, o máis completa posible, de modos de vida alternativos respectuosos co medio ambiente, inculcando, ó mesmo tempo, unhas pautas de comportamento individuais e colectivas enmarcadas nese respecto medioambiental.
- ◆ Busca e posta en práctica de modos de participación activa na mellora do entorno máis próximo ós/ás alumnos/as.

A comisión de Medio Ambiente do centro escárgase tódolos xoves a cuarta hora de recoller o papel e as pilas para a súa reciclaxe.

Outro campo importante é a *educación para a saúde*. Neste campo os mestres, pais e nais deben ser modelos exemplarizantes. Isto esixe unha estreita colaboración de tódolos membros da comunidade escolar, especialmente pais/nais-profesores. Os obxectivos son:

Xerais

- Posibilitar a toma de conciencia e a asunción da responsabilidade individual e colectiva no referente á promoción da saúde.
- Promover no alumnado a adquisición de hábitos de alimentación, hixiene e exercicio físico, relacionando estes hábitos cos efectos sobre a saúde e a autonomía no seu mantemento.
- Implicar a todos os sectores da comunidade educativa (familias, profesores, concello, servizos de atención primaria e outras organizacións) na promoción dos hábitos e estilos de vida saudables.

Específicos:

- Concienciar ó alumnado da importancia dunha alimentación sa e equilibrada e os seus efectos sobre a saúde.
- Concienciar ó alumnado da importancia de hábitos hixiánicos e os seus efectos sobre a saúde.
- Concienciar ó alumnado da importancia do exercicio físico e os seus efectos sobre a saúde.
- Desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante substancias nocivas para a saúde.
- Implicar ás familias na adopción de medidas destinadas ó mantemento da saúde dos seus fillos.
- Loita contra a contaminación acústica
- Establecer canles de colaboración entre o concello e outras organizacións destinadas á promoción de hábitos saudables entre os escolares.

5.7 COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.

A adquisición desta competencia esixe familiarizar aos xóvenes cunha ampla variedade de manifestacións artísticas e culturais, tanto do pasado coma do presente, axudándolles a comprender a función que as artes teñen desempeñado e desempeñan na vida dos seres humanos que lles permitirá apreciar mellor o papel que poden xogar nas súas propias vidas.

Para a adquisición desta competencia, ademáis do traballo na propia aula, se levarána a cabo saídas de tipos culturais, ao teatro, exposicións, películas etc.

Por outra parte, o alumnado producirá traballos artísticos, a nivel tanto individual, coma grupal, no propio centro, así como tamén para participar en concursos, e exposicións , como son o salón do libro de Pontevedra, concursos de postais, marcapáxinas, etc. Se lle proporcionará ao alumnado as ferramentas para participar en ditas actividades artísticas, e culturais, informándose da oferta dispoñible, así como se lles proveerán os códigos necesarios para acceder a elas

e saberse con dereito a disfrutalas e, no seu caso a producilas. No desenvolvemento destes traballos artísticos *potenciarse en todo momento, o desenvolvemento estético, a creatividade e a imaxinación, poñendo en xogo tanto o pensamento diverxente coma o converxente, na que o alumnado teña que reelaborar ideas e sentimentos, resolver problemas, planificar, avaliar, modificar e revisar os progresos necesarios para acadar uns resultados determinados.*

6. METODOLOXÍA

Será misión educativa do/a mestre/a estimular ó alumno para que exercite aquelas actividades encamiñadas a potenciar o comportamento creativo.

Destacar a dimensión da creatividade en educación implica promover, principalmente, as actividades creadoras, dinamizando as potencialidades individuais, favorecendo a orixinalidade, a apreciación do novo, a inventiva, a expresión individual, a curiosidade e a sensibilidade respecto ós problemas, a receptividade respecto ás novas ideas, etc...

Os equipos docentes comparten a convicción de que a interacción entre os propios alumnos é un dos factores que máis favorece a aprendizaxe.

A decisión de traballar en grupos cooperativos pode ser un exemplo de cómo poñer en práctica a devandita interacción entre os alumnos.

Tanto o profesor como o alumno deben ter unha actitude activa que permita e favoreza a aprendizaxe significativa a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva dos mesmos.

Debemos posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.

Debemos proporcionar e posibilitar situacións nas que os alumnos teñan a posibilidade de actualizar os seus coñecementos.

Debemos proporcionar e posibilitar situacións de aprendizaxe que teñan sentido real para os alumnos, que lles esixan unha intensa actividade mental e que lles leven a reflexionar e a xustificar as súas actuacións.

A utilización dunha **metodoloxía constructiva e activa** enténdese como una metodoloxía baseada en:

- ❑ A coherencia e a significación do que se ensina
- ❑ A integración co entorno
- ❑ A flexibilidade e adaptación ás necesidades detectadas en cada neno
- ❑ A actividade e participación do alumno
- ❑ O tratamento da diversidade dos alumnos

Aínda que consideramos á familia como o ámbito primordial do proceso de socialización, non podemos menosprezar o valor da escola neste proceso, favorecido pola relación do neno cos seus iguais e cos adultos, desenvolvendo no neno unha serie de habilidades absolutamente imprescindibles na vida social:

- × Habilidades para a comunicación cos demais
- × Habilidades de relación afectiva
- × Desenvolvemento de conductas sociais
- × Relacións afectivas:
 - Relacións positivas cos seus iguais
 - Clima de clase e organización das actividades

A escola non só transmite coñecementos senón que inflúe en tódolos aspectos referentes ós procesos de socialización do neno e, dun modo moi especial, naqueles aspectos que teñen que ver co **autoconcepto** e a **autoestima**.

A escola inflúe de xeito moi especial na autoestima que unha persoa ten e que depende esencialmente de dous variables:

- Expectativas do/a mestre/a
- Expectativas dos pais

Non podemos esquecer que as relacións sociais que o alumno mantén dentro do Colexio teñen unha relación directa co efecto socializador da escola.

6.1 TÉCNICAS DE ESTUDIO

Debemos preparar ao noso alumnos con programas de técnicas de estudio, que os preparan para unha aprendizaxe mellor e máis funcional. Resaltamos as seguintes:

- × Técnicas ou destrezas instrumentais básicas. Son técnicas adecuadas para saber comprender e assimilar a información obxecto de estudio.
- × A comprensión lectora: técnicas de subliñado, realización de resumes, esquemas, mapas conceptuais, bosquejos, etc.
- × Técnicas de recollida de datos e información sobre un tema: uso do dicionario, fichas da biblioteca, apuntes, bibliografía, etc..
- × Técnicas para mellorar a memorización, a retención e o recordo, o cal, á súa vez, estará en función de:
 - A atención prestada
 - Os coñecementos previos
 - As estratexias utilizadas: repetición, organización do aprendido por categorías, ...

6.2 MOTIVACIÓN

Para aprender é absolutamente imprescindible estar motivado. É necesario conseguir unha motivación intrínseca, unha motivación referida á propia actividade, que se realizará por si mesma, polo seu propio valor, e non só por conseguir unha recompensa ou por evitar un castigo. Para lograr esta motivación é necesario:

- Presentar ós alumnos tarefas de unha dificultade moderada, para que a realización das mesmas sexa unha ocasión para que o alumno note que está capacitado para facelas
- Proporcionar ó alumno experiencias de autonomía que xeren satisfacción propia, o que lle dará interese en realizalas polo mero feito de facelas.
- Programar actividades para mellorar a dinámica da aula

A intervención do/a mestre/a na tarefa educativa no grupo-clase-aula se baseará en lograr un clima agradable, activo e alegre que faga satisfactorio o traballo escolar e axude a resolver as diferentes situacións conflictivas do grupo.

A intervención pedagóxica deberá

- ❑ Establecer normas claras de funcionamento da clase, dadas de forma positiva e de xeito que tódolos nenos as entendan e saiban valoralas conxuntamente.
- ❑ Crear un clima de confianza, explicando o por qué das cousas e aceptando as suxestións dos nenos. Informarlles da responsabilidade no exercicio dos dereitos e deberes que lles corresponden como membros do grupo.
- ❑ Favorecer as conductas de compañeirismo, rexeitando a organización de actividades dos grupos que resulten discriminatorias, por razóns de sexo, raza, status social, etc.
- ❑ Organizar actividades complementarias dentro e fora de clase que favorezan a comunicación entre tódolos alumnos.
- ❑ Favorecer a cooperación para previr e evitar a segregación de alumnos con dificultades de integración.
- ❑ Inculcar hábitos de traballo axeitados: de limpeza e hixiene, de comunicación e relación, de autonomía persoal, de organización e traballo
- ❑ Distribuír os alumnos de forma rotatoria na clase para que todos se coñezan máis facilmente.

6.3 METODOLOXÍA DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS

É tarefa do/a mestre/a provocar, si fora preciso, cambios de actitudes mediante a expansión de novas ideas que deben impregnar as distintas áreas curriculares , xa que é necesaria a integración de distintos ámbitos do saber.

A introducción e tratamento de temas transversais no currículo ten a súa xustificación na importancia destes temas para acadar cambios de actitudes cara a estilos de vida máis humanas.

A interdisciplinaridade que conlevan os temas transversais supón que o aprendizaxe é produto de múltiples conexións e non podemos separar a realidade en parcelas diferenciadas unhas de outras.

Este tipo de metodoloxía dos contidos transversais require:

- 1.- Traballo en equipo.
- 2.- O entorno como centro da actividade docente.

3.- Participación de toda a comunidade educativa.

7. AVALIACIÓN

Á hora de avaliar a progresión do aprendizaxe do alumno e os criterios a seguir para levar a cabo esta avaliación, tomaremos como referente as competencias básicas, hai que ter en conta o seguinte:

7.1 PRINCIPIOS DA AVALIACIÓN EDUCATIVA

1. Ser consecuente coas competencias e finalidades dos distintos niveis e ciclos educativos
2. Facer extensiva a avaliación ó sistema e ós alumnos, non só a estes.
3. Facer a avaliación de forma continua e non de modo circunstancial
4. Ter en conta a pluralidade de valores que aportan os distintos campos da comunidade educativa
5. Impulsar as funcións de regulación activa do sistema e dos procesos educativos e non só as de apreciación pasiva ou de selección
6. Proporcionar unha información continua obxectiva e suficiente
 - *¿Para qué avaliar?*
 - Para reorientar os procesos de aprendizaxe e de ensinanza
 - Para tomar medidas de axuste pedagóxico
 - Para comprobar o grado de consecución dos obxectivos programados

○ *¿Qué avaliar?*

- Competencias básicas planteadas, logro das capacidades
- O modelo de aprendizaxe constructivo e interactivo
- As capacidades intelectuais, manuais, afectivas, de comunicación e de integración social
- Os procesos de aprendizaxe
- Os procedementos e estratexias dos devanditos procesos
- A actitude do neno ante as distintas situacións planteadas

A avaliación non pode ser restrinxida a un momento illado, ha de ser:

Avaliación inicial, función diagnosticadora, para determinar as condicións nas que se atopa ó comezo de cada nivel e cada ciclo. Constitúe o punto de partida necesario para a organización e secuenciación da ensinanza.

Os aspectos que esta avaliación ha de ter en como punto de referencia son:

- . Os resultados obtidos nos procesos de ensinanza anteriores.
- . As características e capacidades iniciais dos alumnos
- . Os recursos e os medios existentes iniciais dos alumnos
- . Os recursos e os medios existentes para a práctica educativa

Avaliación continua, función orientadora, levada a cabo día a día, nas distintas tarefas e actividades que se levan a cabo, sexa individualmente o en grupo. É a que permite unha continua interacción e axuste entre os distintos elementos que participan no sistema educativo.

Os aspectos referenciais sobre os que debe centrarse a avaliación continua serán os que fagan referencia a:

- . Resultados obtidos polos alumnos
- . Motivación dos alumnos
- . Axuste do deseño curricular
- . Adecuación dos materiais utilizados
- . Actitude dos alumnos antes as distintas situacións que se presentan

Avaliación final, función controladora-informadora, para coñecer o grado de consecución dos obxectivos e competencias básicas programados para cada nivel ou

cada ciclo. A súa finalidade é proporcionar un balance da ensinanza impartida polo/a mestre/a.

A finalidade da avaliación sumativa é a de determinar o grado de eficacia logrado polas estratexias metodolóxicas, técnicas didácticas empregadas polo/a mestre/a.

Avaliación de diagnóstico: é unha avaliación de carácter censual que versa sobre as competencias básicas do alumnado e que se desenvolve en todos os centros que imparten ensinanza básica. Debe dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados que dela se obteñan.

A Orde do 16 de febreiro de 2009 (DOG do 23) regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia e a Resolución do 18 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009 (DOG do 29/05/2009)

Ten como finalidade contribuír á mellora da calidade e a equidade da educación, a través do coñecemento da situación do sistema educativo respecto das aprendizaxes dos estudantes nas competencias básicas.

Os centros educativos constituíran a comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico. Estará constituída no noso centro por: o director Jesús Antonio Bugallo Varela, que actuará como presidente, a xefa de estudos: Alicia Rey Fariña, a orientadora María de la Paz Argüeso Fernández. A titora para a avaliación diagnóstica do curso 2012-2013 e 2013-2014 será: Margarita Méndez López.

A proba correspondente ao curso 2012-2013 celebrárase na data que se publique no D.O.G.

○ *Funcións e finalidade da avaliación*

A avaliación se concibe como un proceso continuado que está integrado, á súa vez, no máis amplo proceso de ensinanza e aprendizaxe.

A avaliación abarca tódolos elementos do proceso:

- Alumnos
- Profesorado
- Obxectivos

- Contidos
- Metodoloxía utilizada
- Medios materiais e organizativos

As principais funcións da avaliación dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe son as seguintes:

- Analizar e valorar o papel de tódolos elementos que interveñen no proceso educativo para permitir axuste-axuda pedagóxica das características individuais
- Determina-lo grado no que se conseguiron os obxectivos iniciais do proceso educativo
- Poñer toda a información recollida ó servizo das diferentes persoas que interveñen no mesmo
- A etapa de Educación Primaria está caracterizada pola comprensividade e a obrigatoriedade. Nela as funcións de identificación, diagnóstico, orientación e motivación son predominantes

7.2 AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da ensinanza do profesor é unha das clases de avaliación educativa. É indispensable para unha auténtica avaliación formativa dos alumnos.

É moi necesario que o profesor avalíe o seu propio traballo profesional para:

- Facer posible o perfeccionamento no exercicio
- Coñecer as relacións da aprendizaxe dos alumnos coa súa propia ensinanza
- Poder aportar datos e reflexións que axuden á realización da avaliación do centro, sexa interna ou externa.

A autoavaliación do profesor é o único medio de fundamentar un desenvolvemento profesional e levalo a cabo dentro da autonomía persoal.

O desenvolvemento profesional non pode impoñerse, non pode resultar de censuras derivadas das avaliacións doutras persoas, ten que ser froito do propio recoñecemento que xurde da autoavaliación.

O profesor pode avaliar a súa ensinanza por distintos medios:

- Mediante autoaplicación de cuestionarios estandarizados
- Mediante o análise seguindo certas pautas e criterios , dos documentos curriculares para guiar a súa posterior práctica, tales como proxectos curriculares , programacións de aula, probas de avaliación, etc.

8. TRANSPORTE ESCOLAR

Según a orde de 23 de xuño de 2011, o profesorado terá que custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares a saída do transporte escolar.

Tendo isto en conta, as portas do colexio abriráanse as 8:40 (chegada do primeiro autobús) e os nenos permanecerán no patio do colexio, custodiados polos profesores ata o comezo das clases. O remate das clases os nenos serán vixiados polos profesores ata saída do último autobús.

Pola mañá, á hora de entrada, os autobuses deixan ós alumnos diante do Colexio, na beirarúa inmediata ó mesmo.

Antes de rematar as clases, os autobuses entran no patio do Colexio e sitúanse sempre no mesmo sitio para facilitar que os alumnos accedan ós mesmos, evitándose deste xeito riscos innecesarios para eles. Para evitar aglomeracións nas saídas, fanse dous toques de timbre para sinalar o remate das clases, o primeiro para os alumnos dos dous primeiros Ciclos de Educación Primaria e os alumnos de E. Infantil; o segundo para os alumnos do segundo e terceiro Ciclo de Educación Primaria. De todos os xeitos, os profesores do Primeiro Ciclo de Educación Primaria e E. Infantil acompañan ós seus alumnos ata os autobuses para asegurarse de que non se producen incidencias.

Achégase relación dos distintos liñas de transporte escolar, indicando as diferentes paradas dos mesmos.

TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2013-14

AUTOBUSES MONBÚS:

RADIO 1: A CAEIRA

1. ATALAIA
2. BOAVISTA
3. ILLA DE TAMBO
4. CRUCERO CASINO
5. RÍO OITAVEN
6. RÍO UMIA
7. A BARCA
8. CUARTEL GUARDIA CIVIL

RADIO 2: COLÓN-ALAMEDA-MANUEL DEL PALACIO :

1. COLÓN-ALAMEDA
2. GENERAL RUBIN
3. AVD. FERNÁNDEZ LADREDA
4. AVD. DAS CORBACEIRAS

RADIO 3: JUAN BAUTISTA ANDRADE

1. PASARÓN
2. MOLINER
3. JUAN BAUTISTA ANDRADE
4. MÉDICO BALLINA (FARMACIA)

RADIO 4: CERPONZÓNS: 61 ALUMNOS

- 1 BAR O RANCHO
- 2 REIRIZ
- 3 CASA FALCÓN
- 4 CASA RONS
- 5 PIDRE
- 6 CERPONZÓNS (BAR ALVI)
- 7 CASA PRADO
- 8 CENDONA
- 9 MÉDICO BALLINA
- 10 FARMACIA

AUTOBUSES LÍNEAS PONTEVEDRESAS:

RADIO 5: FERNÁNDEZ LADREDA :

1. C/ FDEZ LADREDA (FARMACIA)
2. C/ E.PONDAL (FIMEGA)
3. C/ E. PONDAL (ESQUINA UXIO NOVONEIRA)
4. PRAZA DE GALICIA (SAN LUIS)
5. CAPILLA SAN ROQUE (PARADA BUS)
6. AVDA DE URUGUAY (PARAD BUS PONTE DO BURGO)
7. AVDA BUENOS AIRES (PARADA BUS PONTE SANTIAGO)
8. COLEXIO XUNQUEIRA II

RADIO 6: **TOMEZA**:

1. LA PARDA (ALMACÉN GOLOSINAS)
2. C/ PINTOR LAXEIRO (ESQUINA CAFETERÍA)
3. C/ JUAN CARLOS I (1ª ROTONDA)
4. C/ JUAN CARLOS I (2ª ROTONDA)
5. AVDA DE LUGO (GONZAMAR)
6. C/ LOUREIRO CRESPO (FERRET. PONTEVEDRA)
7. C/ LOUREIRO CRESPO (CAFETERÍA MÓNICA)
8. C/ CASIMIRO GÓMEZ
9. C/ PADRE FERNANDO OLMEDO
10. C/ PADRE GAITE

9. PROGRAMA DE COMEDOR ESCOLAR E PLAN MADRUGA

De acordo coas solicitudes presentadas polos/as pais/nais dos/as alumnos/as deste Centro, un grupo de alumnos/as fan uso do servizo de comedor escolar promovido pola Xunta de Galicia e concello de Pontevedra.

O horario do comedor escolar é: de 14 horas a 16.30 horas.

O coidado dos alumnos que quedan a xantar corresponde a empresa Serunión.

A federación de ANPAS, xunto coa empresa citada, quedou encargada de elaborar unhas normas de funcionamento do tempo non dedicado a comida, así como unhas normas de convivencia deste período.

Tamén funciona o Plan Madruga, cun horario de 7.30 horas a 9 horas, responsabilidade da empresa Anias.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

10.1 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Teñen carácter de Actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polos distintos sectores do Centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo, ben no propio Centro ben noutras instalacións distintas ó mesmo.

A participación dos alumnos nas actividades extraescolares é totalmente voluntaria e lévanse a cabo en diferentes tardes, ó longo da semana. Cabe destacar as seguintes actividades extraescolares:

Organizadas pola A.N.P.A.:

A programación das actividades organizadas pola ANPA ANDAINA do noso Centro, son as seguinte:

- Luns: de 16:00H a 17:00H taekwon-do e atletismo, de 16:30H a 18:00H Baile
- Martes: de 16:30H a 17:30H patinaxe, teatro de 16:30H a 17:30H
- Mércores de 16:30H a 17:30, esgrima , aula creativa, atletismo

Organizadas pola Concellería de Cultura:

- 1.- **Sendeirismo**, por diversos roteiros do municipio
- 2.- **Escola de Pais**, dirixida ós pais da nosa comunidade escolar
- 3.- **Animación á lectura.**

4.- Escolas deportivas municipais: Xadrez, fútbol, baloncesto, natación...

Estas escolas realizarán ao principio do curso no centro sesións de promoción do deporte en horario escolar.

5. Outras

No referente a estas actividades extraescolares, cabe sinalar o seguinte:

- ❑ Ó comezo de curso, a Xunta Directiva da A.N.P.A. convocou a tódolos pais de alumnos, sexan membros da Asociación ou non, a unha reunión na que presentaron un informe detallado das distintas actividades extraescolares que se pretendía levar a cabo ó longo do curso, os lugares e horarios nos que terían lugar as mesmas e o importe da cota a pagar para asistir a cada unha delas, ó tempo que se ofrecían para xestionar todas e cada unha destas actividades.

- ❑ Ó mesmo tempo, na devandita reunión a Xunta Directiva da A.N.P.A. facilitou a tódolos asistentes toda a información posible referente non só ás actividades extraescolares senón tamén a outros aspectos relacionados co Colexio. Deste xeito, os pais poden elixir libremente e completamente

- ❑ informados as actividades que consideren máis oportunas para os seus fillos.

- ❑ A Xunta Directiva da A.N.P.A., a Dirección e o Profesorado están abertos a todo tipo de suxestións encamiñadas a mellorar ou aumentar o número de actividades extraescolares, sopesando coidadosamente as diferentes propostas que se efectúan.

10.2 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades que se realizan co alumnado, total ou parcialmente dentro do horario lectivo e que, formando parte da programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, teñen un carácter diferenciado polo momento, o espacio ou os recursos que se utilizan. Considéranse como tales as visitas culturais, traballos fóra do entorno escolar, viaxes de estudos, asistencia a concertos, festivais, conmemoracións, etc.

As actividades complementarias son programadas para alcanzar e completar os obxectivos propostos no proxecto educativo e nos proxectos curriculares. Polo tanto, a asistencia ás actividades complementarias é obrigatoria. Se algunha destas actividades implicase un gasto económico e algún/ha alumno/a alegase impedimento económico, o/a titor/a, o equipo de traballo do curso ou ciclo no que se atope o/a alumno/a ou o Director tratarían de buscar unha solución ó seu caso.

Cando a realización dunha actividade complementaria sexa fóra do ámbito do Concello ou requira aporte económico enviarase ós/ás pais/nais unha comunicación escrita, xunto coa correspondente Autorización, que deberán remitir ó Centro debidamente firmada.

As actividades extraescolares e complementarias serán coordinadas pola mestra que realiza as funcións de Xefe do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, que foi elixida, entre os membros do Claustro, na primeira reunión do curso, que estará a disposición de calquera membro da comunidade educativa para informalo das actividades que se leven a cabo.

11. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O Concello de Pontevedra, Cefore, organizacións sindicais, Anpa, a Consellería de Presidencia e outras entidades culturais e deportivas de Pontevedra solicitan ao longo do ano o uso de distintas instalacións do Centro entre as que se atopan: pavillón de deportes, campo de fútbol, aula de informática, salón de actos, biblioteca, aula de música, aula de E. Física e distintas aulas e outros espacios do Centro.

O Centro non pon ningún impedimento sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

- Se solicite por escrito o uso.
- Se respecte tanto o material como os espazos que se cedan, quedando ao remate da actividade no mesmo estado inicial.
- Que as actividades que se celebren non teñan ningún ánimo de lucro e supoñan un beneficio para calquera dos membros da comunidade educativa do Centro.
- Que quede cuberto o servizo de conserxería, sendo a cargo da entidade solicitante o abono do servizo, de selo caso.

12. IES O QUE ESTÁ ADSCRITO O CENTRO

O Ceip A Xunqueira 2 se atopa adscrito o IES Xunqueira 2, situado na mesma zona. A longo do curso realízanse distintas actividades en común, co fin de que os alumnos do noso colexio coñezan o centro.

13. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

En proceso.